



Autores

Xosé Santos Otero
Alberto Ferreiro Fernández
Cristina Gómez Rodríguez
Anafía Moares Lameiro.

Ilustracións:

Raquel Fernández Rodríguez

Foto da capa:

«A Devesa da Rogueira.(Lugo)»
Suso González Quintela. «Macro».

Foto da contracapa:

«O Viñao (Ourense)»
Javier Morais Gallego

Deseño:

O Clube da Esquina, S.L.

Imprime:

SanMartín - Ourense

Depósito Legal:

Edita:

Centro Iris de medio ambiente.
R/ Curros Enríquez, 19 - 1º Interior - 32003
Ourense.
Tel.: 988 374 318 · Fax: 988 511 020
informacion.centroiris@tierra.org
<http://www.centroiris.org>

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

índice

■ INTRODUCCIÓN	pax. 3
■ A FRAGA E AS SÚAS ÁRBORES	pax. 4
■ IMOS FACER UN VIVEIRO!	pax. 7
• Recollida de sementes	
• Localización	
• Sementeira	
■ É A HORA... DA PLANTACIÓN!	pax. 9
■ COIDEMOS AS NOSAS FRAGAS!	pax. 11
• Nas saídas de campo	
• Cando empreguemos papel	
• Cando empreguemos madeira	
■ AS ÁRBORES, TODO UN MUNDO DE PO- SIBILIDADES	pax. 12
■ GLOSARIO	pax. 14
■ BIBLIOGRAFÍA E INFORMACIÓN	pax. 15

*Permítese a reprodución total ou parcial
dos contidos deste manual sempre que
se cite expresamente a fonte.*



Este pequeno manual de plantafragas redactado de modo sinxelo e ameno, está dirixido a nenos e non tan nenos, que nalgún momento da súa vida crean ter nas súas mans a oportunidade de participar na conservación do medio natural galego.

Moitas son as causas que contribúen á constante perda das fragas; pero son **os incendios**, debido a súa elevada frecuencia, intensidade e superficie afectada, o maior factor de destrución dos nosos montes.

Nunha superficie de bosque queimado, igual a un campo de fútbol, pérdese unha media de 300 aves, 400 mamíferos e 2000 árbores. Por se fose pouco todo o anterior, estréganse grandes cantidades de solo que tardan centos de anos en formarse, e o fume contamina o aire que respiramos.



Abráiate! En menos de 15 anos en Galicia calcínouse a superficie equivalente a 500.000 campos de fútbol, dos que 200.000 estaban cubertos de árbores.

Preocupados pola gravidade da situación que están a sufrir as fragas e conscientes da nosa capacidade para melloralas, pretendemos mediante esta guía:

- **Implicar e concienciar** a maior cantidade de persoas posible sobre a necesidade de valorar os montes e **participar da súa protección**.
- **Orientar** sobre como **sementar e plantar** unha árbore, e
- **Motivar** para que cada un, dentro das súas posibilidades, colabore no gran labor de **recuperar** parte da nosa identidade.....a **fraga galega**.



Sabías que nun minuto pérdense unhas 35.680 árbores na selva tropical?. Agora bota contas de cantas se perden no tempo que dedicas a ollar o manual....

Agradecereiche que te convertas nun Plantafragas e me axudes a coidar os nosos ecosistemas. Pon en práctica os consellos que agora poño a túa disposición: **COIDAR A TERRA É COUSA DE TODOS/AS.**



A **fraga*** é o bosque dos bosques galegos; un ser feito de seres diversos e interdependentes. Nela refúxianse misteriosamente, desde a noite dos tempos, multitude de seres mitolóxicos que inspiraron moitas lendas e contos.

Aínda que a fraga acolle un gran número de Especies Forestais, neste manual só imos a falar un pouco das que consideramos **máis interesantes**.

■ O CARBALLO (*Quercus robur*)

Os carballos son as **árbores máis representativas** das fragas e, ata fai relativamente pouco tempo, as máis comúns e características de Galicia.

A súa madeira é moi resistente, duradeira e doada de traballar. Durante séculos foi aproveitada polo home para todo tipo de usos: cubrir paredes e teitos de casas, pazos, castelos e mosteiros; tamén para curtir as peles e fabricar aparellos para o agro e a cociña. Os seus froitos, as landras, **servían para a alimentación do gando** e ás veces, tamén para o home!

A partires do século XVII incrementouse o uso

intensivo desta fermosa árbore nas ferrerías e estaleiros estragando a maioría das fragas do país; pois só para facer un barco, eran necesarios arredor de 3.000 carballos da mellor calidade.

Son moi doados de reproducir mediante sementes.


■ O CASTIÑEIRO (*Castanea sativa*)

A pesares de non ser unha árbore autóctona, parece ser que xa **leva connosco máis de 4.000 anos**. O pobo que máis se preocupou da súa plantación e expansión foron os romanos.

O seu froito, a castaña, foi a **base da alimentación** da poboación galega ata a chegada da pataca, e a súa madeira é moi apreciada para mobles, ebanistería e incluso para a construción de instrumentos musicais.

A agrupación de castiñeiros forman o que coñecemos como **souto**; entorno a él, os galegos celebramos unha das nosas festas comunitarias máis tradicionais de exaltación á natureza: o **Magosto**.

Reprodúcense facilmente mediante sementeira.




manual do planta fragas

■ CERDEIRA

(*Prunus avium*)

O seus froitos, as cereixas, son moi atractivos para os paxaros, axudando estes a súa **diseminación***.

O seu lento crecemento fai que a súa madeira, de moi boa calidade, acaden uns prezos altísimos.



As cerdeiras teñen unha longa historia a carón do home. Os ósos dos **seus froitos atópanse entre achados arqueolóxicos** de restos de poboacións moi primitivas.


Reprodúcese facilmente mediante a sementeira das **carabuñas*** do seu froito.

■ O PRADAIRO

(*Acer sylvestris*)

Árbore caducifolia* de follas grandes e sementes con ás; cando as atopas, cólleas e bótaas a voar!

Nace de modo natural nas fragas e beiras dos ríos, aínda que tamén é frecuente ve-lo en parques e xardíns pola súa xenerosa sombra.



Nas fragas tamén temos **ecosistemas*** ós que lles gusta moito a auga. Acompañando ó río en toda a súa traxectoria ata o mar atopamos, o **bosque de ribeira**. Nel podemos ollar un dos ambientes naturais máis dinámicos e fermosos. Húmido, sombrío e fresco, dá acubillo a centos de animais e plantas que aproveitan os innumerables recursos aportados pola auga.

Algunhas das árbores máis características son:

■ BIDUEIRO

(*Betula alba*)

- Árbore caducifolia de follas con forma de rombo e punta alongada.



- É característica a súa cortiza branquiña con fendas.

- Por ser a primeira árbore do calendario celta, a súa madeira era utilizada para a **fabricación dos bercos**.

■ SALGUEIROS

(*Salix sp.*)

- Árbores caducifolias de follas estreitas e alongadas.

- Reprodúcese moi facilmente a partir das pólas que chegan ó chan.

- Das pólas dos salgueiros obtense vimbio para elaborar **cestos e sustancias para a fabricación do acedo acetilsalicílico** (aspirina).






■ AMENEIRO

(*Alnus glutinosa*)

- Árbore de follas caducas, redondeadas e borde dentado.
- É habitual verlle pequenas piñas que, ó abrirense, soltarán sementes cunha pequena á.
- Coa súa madeira fabricanse zocos, xogueteiros e caixas. Tamén dá boas tingiduras: vermello da cortiza e verde das follas.




Dentro da fraga tamén existen unhas **arboriñas** máis pequerrechas, e as **matogueiras** que ademais de reter o solo, tamén cumpren unha función esencial: os seus froitos alimentan ós animais e sérvenlle ó mesmo tempo de refuxio onde agocharse.

As matogueiras e arboriñas que recomendamos repoboar como acompañantes das árbores son:

■ ACIVRO

(*Ilex aquifolium*)

- Arbusto perenne con follas brillantes de cor verde intenso e borde espiñoso.
- Son moi característicos os froitos vermellos que, madurando no outono, permanecen ata a primavera seguinte.
- Especie protexida considerada de interese especial.




■ ESPIÑO OU ESTRIPO

(*Crataegus monogyna*)

Arbusto caducifolio de follas similares ás do pirixel.

- Son moi características as espiñas das pólas e os froitiños vermellos comestíbeis.



■ CAPUDRE, CANCEREIXO ou ESCORNABOIS

(*Sorbus aucuparia*)


- Arbusto caducifolio de **follas compostas*** e borde serrado.
- Os froitos, cando están ben maduros, son nutritivos.



■ ABELAIRA

(*Corylus avellana*)

- Arbusto de follas caducas, redondeadas e rematadas en punta.
 - As pólas longas utilízanse para confeccionar bastóns, varas e cestos.
 - Para os celtas, a abelá era o símbolo da sabedoría. Fechada nunha pequena cuncha, representaba o receptáculo do coñecemento.
- Ademais destas 4 especies é importante fomentar a protección e reprodución destas outras: roseira, rosa silvestre, arando, sanguíño...



manual do **planta fragas**



En cada colexio, no teu xardín, na túa casa... podes ver medrar un montón de plantiñas que en pouco tempo poderán formar parte de bosques e fragas. Anímate! e axúdanos a repoboar os montes. Constrúe o teu propio **viveiro***.

1. Recollida de sementes

Para comezar debemos elixir as árbores máis saudables: altas, ben formadas, sen enfermidades...aquelas que teñan mellor presenza.


Tes que ter en conta que:

- As sementes deben estar maduras e sans. Asegúrate que non teñan bichiños dentro.
- Cada árbore ten maduros os seus froitos nunha determinada época do ano.
- Para a recollida e o transporte utiliza recipientes que transpiren; por exemplo un cesto.



Almacenamento. Aínda que o máis apropiado é sementar nada máis facer a recollida das sementes, tamén é posible conservalas unha vez que estean secas:

- Pódelas meter en bolsas na parte inferior do frigorífico.
- Outra opción é gardalas **estratificadas*** en area:



Nunha caixa de froita ou maceta ponse unha capa de area de 5 cm., logo unha capa de sementes, outra de area, outra de sementes... ata uns 50cm. de altura. Humedécese e déixase nun lugar fresco e escuro.

2. Localización do viveiro

É moi importante unha boa localización para que as plantiñas se desenvolvan de forma axeitada. Botaremos unha vista ó noso arredor e buscaremos un lugar pouco utilizado, espacioso, resgardado de ventos, nin totalmente soleado nin moi sombreado. Se preto da túa casa, no xardín ou no patio do colexio hai algunhas árbores, o ideal é baixo elas.

Recomendacións:

- As plantiñas pequenas necesitan auga, polo que o ideal é **ter unha fonte ou billa preto**.
- Lembra que terás que gardar ferramentas, sementes, macetas, area, etc., polo que non estaría mal unha pequena casa ou **lugar onde gardar as cousas** e montar un pequeno obradoiro verde.

3. Sementeira

Para que as nosas sementes estean a “corpo de rei”, faremos a seguinte mestura de terra:

- 1/4 de **humus***
- 1/4 area de río
- 1/4 **terra vexetal***

1/4 terra do lugar que imos a repoboar
Se non podes conseguir esta “poción máxica”, non te preocupes, tamén podes utilizar calquera terra de boa calidade.




Semente a semente conseguiremos un mundo máis verde

Coloca as sementes de maneira que non se estorben unhas a outras da seguinte maneira:

Imos facer un viveiro!

manual do **planta** **fragas**



- Sementar en filas deixando 20 cm. entre elas e 5 cm. entre cada semente.
- A profundidade á que deben enterrarse as sementes é, de forma xeral para todas, dúas veces o seu tamaño máximo.
- Manter húmido o solo, sobre todo no verán.

É increíble a cantidade de plantiñas que podemos producir nun pequeno recuncho, de 100 a 125 carballos nun metro cadrado.

As sementes que non teñen ningún tipo de **le-targo*** soen comezar a súa **xerminación*** á semana de sementalas, completando esta primeira fase da súa vida entre tres e seis semanas.

De modo xeral, terá que pasar un ano ata o momento de levalas ó seu “fogar definitivo” (**transplante***).

Hai a quen lle gusta producir **plantas en envases**. Tés que ter **moito coidado** posto que non todos son axeitados. As macetas, aínda que non son a mellor opción, poden servir para producir a túa planta, pero o “**tetra brik**” e as botellas de plástico non son nada recomendables.

Se queres producir plantas en **cepellón*** o mellor é mercar uns recipientes especiais que axuden a formar as raíces. Con esta modalidade poderás plantar practicamente ó longo de todo o ano.



Lembra.

O futuro bosque que imos crear (a forma das árbores, o desenvolvemento, a calidade das mesmas...) depende moito das sementes que utilizemos e dos primeiros coidados que lle demos as plantiñas.

PAXAROS, PORCOS E RATOS PLANTAN ÁRBORES SEN USAR ESTACAS NIN SACHOS.

As plantas, carentes de pés e patas que lles poidan axudar a **dispersarse*** polo mundo adiante, sérvense do vento, das pelaxes dos animais, do fluxo da auga ... e tamén das túas mans, para transportar as súas sementes e colonizar novos territorios.

Noutros casos, sementes e froitos caen directamente no chan atraendo a un gran número de seres vivos:

Os esquíos e, sobre todo os ratos, fan despensas (que **ás veces esquecen**) reunindo estes froitos nalgún burato.

A pega marza, sen embargo, acumula víveres baixo follas e musgo. As **sementes alí extraviadas**, ó permanecer húmidas, manterán a súa capacidade **xerminadora***.

Porcos bravos, teixugos e raposos comen froitos que máis tarde, lonxe das árbores que as produciron, serán expulsados.

Eles non o saben, pero deste xeito, realizan un importantísimo labor de **dis-**

persión* de sementes, que moitas veces explica “misteriosos” procesos de reconstrución de bosques.




manual do **planta fragas**

Unha árbore vaise sentir moito mellor se se atopa no seu ambiente; isto é o que sinxelamente se entende por **hábitat* natural**. Para facer a túa plantación toma de referencia lugares onde haxa a mesma especie, estarás garantindo que teñan todo o necesario para sobrevivir e crecer.

Agora que téas as plantiñas para levar ós montes elixidos, estes son os pasos que hai que seguir:

1. Fai **buratos de 40x40x40cm**. Separa a parte superficial do solo para un lado e a profunda para outro; máis tarde vaiche facer falla.




2. Dous meses despois **transporta as plantas** ó monte o máis axiña posible sen facerlles dano. **Evita o sol directo, días de xeeda e moito vento.**

3. **Cubre as raíces** coa terra superficial, botándolle a profunda enriba.



¿E sabes o porqué? A capa superficial do solo ten os nutrientes necesarios para que as raíces das plantas poidan prender con forza e co tempo se convertan en árbores vigorosas.

4. **Pisa forte** arredor do tronco para **evitar** que queden **bolsas de aire** en contacto coas raíces, pois poderíanse apodrentar. Se é posible **rega de forma abundosa**.



5. Con terra e pedras fai un pequeno **pozo circular** arredor do tronco da árbore para axudar a reter a auga.

Nos dous-tres primeiros anos de vida da plantiña régaa de vez en cando. **Non te esquezas dela, é cando máis te necesita!**



Unha semente nun ano pódese converter nunha árbore de 20 cm. de altura!!

Ós cinco anos, o seu tronco pode chegar a alcanzar o groso dun lapis. Se medra sen parar quizais sexa un fermoso exemplar de 50 metros de alto e co tempo chegará a ser unha **árbore milenaria** da que ti xa formas parte!

é a hora da plantación!!






Calendario de froitos e sementes

	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO
ACIVRO												
AMENEIRO												
AVELAIRA												
BIDUEIRO												
CAPUDRE												
CASTIÑEIRO												
CERDEIRA												
ESTRIPO												
PRADAIRO												
SALGEUIRO												

UN APUNTAMENTO: Resulta moi doado levar un seguimento da plantación, así poderás ir gozando do crecemento pasiño a pasiño. Fai as túas propias fichas para que non se che escape detalle algún. Este podería ser un exemplo.

- ¿Como se chama a planta? _____
- ¿Cando sementaches/transplantaches/plantaches? _____
- ¿Onde foi? _____
- ¿Canto mide a plantiña no momento do transplante? _____
- ¿E o cabo dun ano, dous...? _____
- Notas: _____

Fai un gráfico de crecemento en centímetros/meses coma este:





Nas túas saídas ó campo:

- O **lixo** abandonado é unha trampa mortal para moitos seres vivos. **Ademais do teu, axúdanos a levar fóra do bosque un pouco do que deixan outros.**
- Os animais están no seu hábitat, ti es o intruso. **Procura non facer ruído.**
- É moi importante saber que **hai paraxes naturais nas que está prohibido pola lei arrincar calquera especie** que alí encontres, e aínda que este non sexa o teu caso, faino con coidado e só o imprescindible. **Nunca leves ou danes as especies protexidas.**
- Se recolles cogomelos, froitas salvaxes, flores silvestres... terás que asegurarte de que quedan exemplares suficientes, xa que podes pór en perigo a súa reprodución e a súa supervivencia. Lembra o lema: **"sen bebés a bordo"**.
- Respecta os sinais existentes, **non entres nos lugares que están prohibidos.**
- As árbores máis novas están agochadas entre as herbas e matogueiras, evita pisalas.
- Non coloques cordeis, arames... Intenta que o teu paso pola fraga non deixe pegadas visibles.
- Lembra que **o peor inimigo** das árbores e das fragas é o **incendio**. Se necesitas facer lume, faino só nos lugares xa habilitados para elo.

Cando empregues papel:

- **Reduce:** Procura non usar panos de mesa nin panos de papel (a tea é unha boa opción).
- **Reutiliza:** Emprega as caras en branco das follas xa usadas, fotocopias, papel de impresora... Os sobres abertos con coidado poden volver a utilizarse. Se precisas envolver, preparar algún cartel,... podes empregar papel xa usado.

- **Recicla:** Garda os envases de cartón dos alimentos, papeis, revistas, periódicos... e lévaos ós contedores específicos de reciclaxe.

Cando empregues madeira:

- **Reutiliza:** Dos mobles que xa non uses, podes obter pranchas, taboleiros ... cos que construír caixóns, xogueteiros e todo aquilo que te atrevas a imaxinar.
- **Selecciona: Usar madeira non é malo!**
Hoxe en día hai persoas traballando no sector madeireiro que están preocupadas polo ambiente.

Se queres evitar os graves problemas que traen as talas incontroladas, simplemente tes que saber **escoller a madeira adecuada**. Para elo, busca a **certificación forestal** ou **etiquetado de produtos derivados da madeira co selo FSC** (Forest Stewardship Council ou Consello de Administración Forestal). Este distintivo permite ó consumidor informado adquirir artigos sabendo que **proceden de bosques xestionados de modo sostible*** (tendo en conta os aspectos económicos, sociais e o medio natural); da mesma maneira que permite ó propietario forestal que realiza unha boa xestión no seu monte, diferenciarse daqueles que non o fan. Aínda que existen outras certificacións, a opinión das ONGs españolas de conservación, desenvolvemento, comercio xusto e algúns sindicatos, recoñecen que o sistema de certificación forestal del FSC é o único sistema crible, transparente e democrático existente na actualidade; polo que apoian o seu desenvolvemento e difusión.




	500 FOLLAS DE PAPEL 1ª CALIDADE	500 FOLLAS DE PAPEL NORMAL	500 FOLLAS DE PAPEL RECICLADO
MADEIRA EMPREGADA PARA A FABRICACIÓN DE... ENERXÍA CONSUMIDA	Un armario de 7,2 Kg	Unha cadeira de 5,1 Kg	Ningunha. Só papel usado
AUGA CONSUMIDA	Unha lámpada de 60 vatios* acesa durante 16 días A necesaria para encher piscina de 25 metros**	Unha lámpada de 60 vatios acesa durante 10 días e medio A necesaria para encher media piscina de 25 metros	Unha lámpada de 60 vatios acesa durante 5 días A necesaria para encher unha piscina inchable

*unha lámpada da que podes atopar na túa casa **a que posiblemente teñas no teu concello



As árvores, todo un mundo de possibilidades





1 Son inmensos parasoles artesanais

Pensa nesa sombra tan desexada nos días de verán, ou que sería dos cogomelos e **musgos*** torrados constantemente polo sol. Aínda que non os vexamos, hai infinidade de seres vivos que dependen da **agradable sombra** das árbores para a súa supervivencia.

2 A súa suor refréscanos

As plantas transforman auga líquida en vapor de auga, tomando a calor necesaria do aire. Ese vapor será despedido polas follas, a modo de suor, mediante **transpiración***. O resultado deste fenómeno é que o aire se refresco e humedece.

3 Botellas de osíxeno diurnas

As plantas, nun proceso de respiración similar ó noso, expulsan CO_2 ó aire. Polo día, gracias ó sol e a auga, son capaces de consumir ese CO_2 e obter alimento, **liberando o osíxeno** tan necesario para nós.

4 Descoñecidas industrias anticontaminación

Ademais de consumir gran parte do CO_2 que constantemente é xerado pola actividade humana, as árbores contribúen a **diminuír a contaminación química atmosférica** retendo nas súas follas o po e as partículas que flotan no aire.

5 Un supermercado de alta calidade

Proporcionan **infinidade de recursos**, tanto para nós como para os animais: froitas, froitos, especias, aceites, cortiza, resinas e un longo etc.

6 Confortables fogares con trasteiro incluído

Son **refuxio** de aves, almacén de roedores e dormitorio de curuxas.

As diferentes condicións que se poden atopar ó longo das súas raíces, tronco e ramas, fan posible a existencia dunha gran variedade de **especies asociadas a eles**.

Nun só carballo pódense atopar ate 300 especies distintas de insectos.



7 Unha farmacia aberta as 24 horas

Aí está, ó alcance das nosas mans. Unha solución sá e efectiva para os nosos arrefriados, dores de barriga, ... ademais de ser fonte de compostos utilizados na fabricación de aspirinas e medicamentos contra o cancro.

8 Vistasas barreiras contra o son

Aínda que as árbores non poden anular as fontes de **ruído**, si poden **atenuar** a intensidade mediante a reflexión e absorción da súa enerxía.

9 Candados para o solo

As raíces das árbores son capaces de reter o solo en situación de fortes ventos e riadas, **evitando así a súa perda**.

10 Limitados produtores de papel

O papel está composto por febras vexetais; de modo que cada vez que gastamos inutilmente unha folla ou deixamos de reciclar un simple cartón, estamos menosprezando a vida dun marabilloso ser.



glosario

Árbore caducifolia

Árbore á que lle caen tódalas follas perante o outono.

Biodiversidade

Conxunto de especies animais e vexetais diferentes, no seu ambiente.

Carabuña

Ósos dalgunhas froitas.

Cepellón

Son as raíces rodeadas da terra . Cando se reproducen as plantas nun contedor, tes-to, etc.

Diseminación

É cando unha semente se propaga.

Dispersión

Separar en diferentes direccións.

Ecosistema

Conxunto de seres vivos que viven nun mesmo ambiente.

Estratificado

Poñer as sementes en capas da mesma maneira que unha lasaña. Xeralmente faise en area.

Fraga

Bosque con varias especies de árbores de folla caduca.

Folla composta

Cando está dividida en folliñas.

Hábitat

Lugar no que habitan determinados seres vivos.

Humus

É a capa superficial do terreo, formada por materias orgánicas e minerais. Dela depende a fertilidade do solo.

Letargo

Estado de "adormecemento".

Musgo

Pequena planta que medra en lugares sombrizos enriba das pedras, cortiza das árbores ou no chan.

Sostibilidade

Que se mantén no tempo.

Terra vexetal

Terra procedente de bosque ou de horta. Mesturada con outras terras, facilita a xerminación das sementes.

Transpiración

Liberación da auga sobran-te en forma de vapor.

Transplante

Cambiar unha árbore dun sito para outro.

Viveiro

Criadeiro de plantas.

Xerminación

Cando comeza a formarse a planta.



A Natureza dos ríos e ribeiras de Galicia.

Victor Manuel López Román e Miguel A. Fdez. Ir Indo Edicións, S.A. Vigo, 1999. *De fácil comprensión, describe toda a fauna e a flora que atoparemos ó longo dos ríos galegos.*

Árboles del Arboreto Luis Ceballos.

Consejería de Medio Ambiente de la Comunidad de Madrid, 1999. *Un pouco denso, nel podemos atopar as funcións educativas das árbores do citado lugar.*

As Fragas. Unidade didáctica.

Ed. Néboa Medio Ambiente, 2001. *Deseñada para rapaces de educación secundaria.*

El bosque animado.

Wenceslao Fdez. Espasa-Calpe. Madrid, 1988. *Libro de lectura ameno, recomendado para nenos e maiores.*

El hombre que plantaba árboles.

J. Giono. Ediciones Altea. Madrid, 1984 *Conto novelado moi sinxelo.*

Guía de los árboles de la península y Baleares.

Francisco Santolalla. Blume. *Guía práctica de fácil manexo*

La historia natural de los robles.

R. Lewinton e D. Streeter. Ediciones B, S.A. Barcelona, 1993. *Libro de consulta de difícil localización.*

La "Triple R en la escuela".

Asociación para la Promoción de Actividades Socioculturales. Amigos de la Tierra. Tretazeta, 2000. *Material didáctico, divulgativo e formativo sobre os residuos e o noso comportamento.*

Manual del plantabosques.

COMADEN. Madrid, 1991. *De fácil lectura, con referencias ás especies propias da Comunidade de Madrid.*

Semillas de árboles y arbustos forestales, monografía 17.

/CONA. Ministerio de Agricultura. Madrid, 1977. *Manual técnico.*

Predicción de la respuesta de un bosque tropical Venezolano a diferentes estrategias de manejo.

<http://bolfor.chemonics.net/Publicaciones/Simposio/torres.pdf>. *Estudio científico.*

Wwf adena.

http://www.wwf.es/cert_forestal.php

PARA MÁIS INFORMACIÓN

Guía das árbores de Galicia.

Henrique Niño Ricoi – Carlos Silvar. Bahía Edicións, 1997. *Guía de fácil manexo.*

Enciclopedia de la propagación plantas.

Colección Blume, 2000. *Para consultas específicas.*

Datos sobre os bosques galegos:

http://www.efi.fi/fine/Spain/Galicia/index_es.htm

Rede de aulas forestais:

http://www.xunta.es/conselle/cma/CMA10j/CMA10jgAulasForestais/Rede_aulas.htm

Información sobre certificación forestal e etiquetado de productos derivados da madeira co selo FSC:

http://www.wwf.es/cert_forestal.php